

Características xerais do empirismo: O problema do coñecemento. A crítica da metafísica.

O empirismo é unha corrente filosófica que se desenvolve durante o século XVII e grande parte do século XVIII nas Illas Británicas, namentras que na Europa continental segue a dominar o pensamento racionalista iniciado con Descartes no século XVII. Mentras que o racionalismo toma como modelo a ciencia matemática, o empirismo dalle máis valor á *experiencia* retomando o método experimental da ciencia empírica.

Na teoría do coñecemento parte (ao igual que o cartesianismo) de que o contido da mente son *ideas*, aínda que o racionalismo dirá que proceden da razón, e o empirismo que proceden da experiencia.

As características xerais do empirismo son:

1ª. A orixe do coñecemento está na experiencia empírica.

Só a experiencia é o fundamento do saber e, antes do contacto con ela, a mente é unha folla en branco (*tabula rasa*). Isto conleva negar a existencia das *ideas innatas* do racionalismo.

2ª. O coñecemento humano non é ilimitado: a mesma experiencia é o límite do coñecer.

O racionalismo mantiña que a razón non tiña límites, e, sempre que siga un método axeitado, acadará o coñecemento de todo tipo de verdades (incluso, será capaz dun saber acerca de Deus). Sen embargo, os empiristas cren que, sobre moitas cuestións, só cabe un coñecemento probabel, e incluso David Hume mantén unha postura escéptica respecto dos problemas metafísicos (pretensión de saber acerca da alma e de Deus).

3ª Novo concepto de razón.

Fronte á razón racionalista, a empirista é unha razón (eles falan de *entendemento*, *Understanding*) dependente e limitada pola experiencia (*razón empírica*). Esta razón, sen embargo, é a única guía do home e debe ter unha *finalidade práctica*: unha vez considerada imposible a metafísica, os empiristas adicanse a cuestións políticas, morais e pedagóxicas xurdindo así unha *razón crítica* que examina os seus límites e posibilidades de coñecer, precedente da razón crítica de Kant.

Representantes do empirismo son, fundamentalmente, John Locke, Thomas Hobbes, George Berkeley e David Hume.